

ACTA

Nº 74 Ano 2023.

En Santiago de Compostela, previa convocatoria, reúnese o Comité de Seguridade e Saúde Laboral Intercentros, sendo as 10,15 horas do día 20 de decembro de 2023, tratándose os diferentes puntos da Orde do Día.

ASISTENTES:

REPRESENTANTES DA EMPRESA:

<i>Nome</i>	<i>Posto</i>	<i>Teléfono</i>
Ascensión Labella Lozano	S.X. Presidencia	4.42.85
Queta Via Leira	D.X. Avaliación e Regorma	4.54.67
María Corral Lopez	D.X. Función Pública	4.52.37
Josefa Martinez Gonzalez	S.X. Empleo	4.47.71

REPRESENTANTES DOS TRABALLADORES

<i>Nome</i>	<i>Organización Sindical</i>	<i>Teléfono</i>
Eduardo Freire Pousa	CC.OO.	660-040-056
Jose Manuel Suarez Lago	CSIF	881-542-850

Asisten asimismo Pablo Diaz Vazquez, polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais e Jose Acuña Vilas, María Teresa Iglesias Magdalena, María José Sanjiao Otero e Verónica Rouco López por Cualtis.

1.- Lectura e aprobación da acta da última reunión.

Se aproba a proposta de acta presentada.

2.- Debate sobre a expedición de certificados para o posto de traballo.

O Secretario introduce este punto, no que asisten tres profesionais sanitarios de Cualtis, coma invitados, para intentar un mellor coñecemento desta labor de expedición de certificados, inserta na vixiancia da saúde. As tres partes participan neste debate aportando os seus puntos de vista, o da administración, o da parte sindical e por suposto o da parte médica, quen realiza os recoñecementos e a resultados deles expide o certificado.

2º Presentación e debate da programación das actividades preventivas de riscos laborais a realizar no 2024 pola Admón. Xeral da Xunta de Galicia. Para unha mellor articulación deste debate, realizarase por apartados:

- | | |
|-----------------------------|---------------------------|
| a) Xestión | b) Avaliacións |
| a) Medidas Emerxencia | d) Vixiancia da saúde |
| e) Formación | f) Participación sindical |
| g) Investigación accidentes | |

O Xefe do Servizo expón por apartados a programación elaborada, no relativo a xestión da prevención, non hai intervencións.

En canto as avaliacións, non hai intervencións.

No relativo as medidas de emerxencia, non hai intervencións.

Na vixiancia da saúde, o Servizo de Prevención informa que contase abrir o prazo para solicitar recoñecementos, na segunda quincena de xaneiro, para iniciais en febreiro.

No aspecto da formación, CSIF comenta a pouca duración, 3 h., dos cursos de riscos derivados do posto de traballo de xestión forestal e prevención de incendios. O Servizo de Prevención resposta que estes cursos son so para persoas de novo ingreso, que non hai ningún inconvinte en facer cursos de maior duración, para o persoal que realiza estas funcións, sempre que o solicite o comité de seguridade dese ámbito de traballo.

No referido a participación a Presidencia comprometese a requerir os comités que neste pasado ano non tiveron reunións que o fagan, en concreto foron os de Sanidade, Cultura e Economía e o do Edificio Administrativo de Ourense.

En canto a investigación de accidentes, non houbo intervencións..

3.- Rogos e preguntas.

CSIF formula que nunha próxima reunión deberase debater o fomentar unha maior participación do persoal na cobertura das enquisas de avaliacións de riscos laborais..

Levántase a sesión, sendo as 11, h.

Vº Bº A PRESIDENTA

Vº Bº O SECRETARIO

ASCENSION LABELLA LOZANO

EDUARDO FREIRE POUSA